



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte
Comité Galego de Xustiza Deportiva

Estadio Multiusos de San Lázaro, nº 4
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfnó: 981 957 509 - Fax: 981 542 638
E-mail: secretaria.deporte@xunta.es

galicia

En Santiago de Compostela, a 21 de xullo de 2014, reunido o Comité Galego de Xustiza Deportiva en sesión plenaria o día da data resolveu o expediente núm. 13/2014 e

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Por medio de escrito de data 7 de abril de 2014, entrada na Secretaría Xeral para o Deporte o 19 de abril e neste Comité Galego de Xustiza Deportiva o día 14, D. José Miguel Pérez Fernández solicitou da Secretaría Xeral para o Deporte ou órgano que corresponda se proceda a restablecer a orde xurídica deportivo e a depurar os posibles ilícitos disciplinarios derivados dos feitos que se relacionan no escrito, consistentes na vulneración dos estatutos da Federación Galega de Caza por parte de D. Javier Nogueira Diz, presidente da mesma, e por D. Francisco López Penela, presidente da Federación provincial de Lugo.

SEGUNDO.- Por providencia de 21 de abril de 2014, ao amparo do art. 12 do RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedimento para o exercicio da potestade sancionadora, ao que se remite o art. 65.2 do Decreto 120/2013, de 24 de xullo, que aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva, acordouse, con carácter de actuación previa, dar traslado da denuncia presentada á Federación Galega de Caza para que no prazo de 10 días se remitira informe sobre os feitos denunciados, así como se deixara constancia no mesmo do tempo do mandato de D. Francisco López Penela e se remitira copia dos estatutos vixentes.

Dita providencia foi cumplimentada mediante escrito de data 9 de maio de 2014, con entrada na Secretaría Xeral para o Deporte o 12 de maio e neste Comité o día 13, subscrito por Dª María Teresa González Justo na súa condición de Asesora Xurídica da Federación Galega de Caza, remitindo copia dos estatutos así como informe solicitado.

TERCEIRO.- Por nota interior de 21 de abril de 2014 solicitouse por parte deste Comité ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia certificación de si D. Francisco López Penela figura como presidente da Sociedade de Cazadores Montemaior así como presidente provincial de Lugo da Federación Galega de Caza. Dita certificación foi expedida con data 23 de abril de 2014 en sentido positivo en ambos casos.

CUARTO.- O 23 de maio de 2014 ditouse por este Comité resolución na que no referente ao escrito presentado por D. José Miguel Pérez Fernández no seu aspecto de denuncia sobre ilícitos disciplinarios presuntamente cometidos por D. Javier Nogueira Diz e D. Francisco López Penela acordouse o arquivo das actuacións ao non ser procedente a apertura de expediente disciplinario algúin, acordándose o arquivo das actuacións.

Na mesma resolución acordouse a admisión a trámite do recurso interposto por D. José Miguel Pérez Fernández contra a decisión do presidente da Federación Galega de Caza

DE AS/IS
02918
800
20140807320
12/14 . 2014



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte
Comité Galego de Xustiza Deportiva

Estadio Multiusos de San Lázaro, nº 4
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tíno: 981 957 509 - Fax: 981 542 638
E-mail: secretaria.deporte@xunta.es

galicia

D. Javier Nogueira Diz de designar a D. Francisco López Penela presidente provincial da Federación de Caza en Lugo, declarándose concluído o expediente e poñéndose de manifesto ao recorrente D. José Miguel Pérez Fernández así como ao presidente da Federación Galega de Caza D. Javier Nogueira Diz e a D. Francisco López Penela presidente provincial de Lugo para que no prazo de dez efectuasen as alegacións que estimen convenientes. D. Javier Noguera Diz fixoo mediante escrito de data 16 de xuño de 2014, entrada neste Comité o día 17, mentres que D. José Miguel Pérez Fernández e D. Francisco López Penela non fixeron uso do seu dereito.

Foi relator D. Angel Luís Rebolledo Varela

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Antes de entrar no fondo da cuestión suscitada, e por afectar á determinación e concreción do solicitado por D. José Miguel Pérez Fernández no seu escrito de 7 de abril de 2014 que é sobre o que este Comité Galego de Xustiza Deportiva ha de pronunciarse, é necesario referirse ás precisóns que o presidente da Federación Galega de Caza realiza no apartado quinto do seu escrito de alegacións de 16 de xuño de 2014 e nas que, deixando constancia de que non se impugna a resolución de 23 de maio de 2014, considera un tanto forzada a admisión a trámite do escrito de denuncia presentado por D. José Miguel Pérez Fernández esixindo que se depuren responsabilidades, como un recurso contra o ejercicio dunha función pública delegada. Ademais, tamén se sinala que áinda que é certo que o art. 56.4 a) da Lei 3/2012 considera como función pública delegada garantir o cumprimento dos dereitos e obligacións derivados dos estatutos, cuxo control corresponde efectivamente ao Comité Galego de Xustiza Deportiva, non o é menos que con todo no art. 6.9 dos estatutos federativos figura está competencia como propio.

A tal efecto ha de indicarse que os feitos que se relacionan no escrito son que o presidente da Federación de Caza en Lugo, D. Francisco López Penelas, leva máis de tres lexislaturas desempeñando o cargo de presidente provincial de Caza incumprindo o art. 47 dos estatutos (actual art. 44) que literalmente di o seguinte:

Non poderá ser elixido presidente da FGC quen ostentara ininterrompidamente tal condición durante tres períodos de mandato inmediatamente anteriores, calquera que fora a duración efectiva destes.

Así mesmo consígnase no escrito que o presidente da Federación de Caza de Lugo é á súa vez presidente da Sociedade de Cazadores Monte Penamaior, incumpríndose o disposto no art. 58.3 da Lei 3/2012 que recolle que:

Non se podrá simultaneiar a presidencia dun club deportivo coa presidencia da federación deportiva na que se integre o devantido club.





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte
Comité Galego de Xustiza Deportiva

Estadio Multiusos de San Lázaro, nº 4
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfnó: 981 957 509 - Fax: 981 542 638
E-mail: secretaria.deporte@xunta.es

galicia

Ademais se incumpriría tamén o art. 43 dos estatutos (actual art. 40) que literalmente di o seguinte:

O cargo de presidente é incompatible con outro dentro das propias estruturas federativas territoriais galegas das entidades deportivas, sen prexuízo de conservala súa licencia federativa.

Para rematar, dise que D. Javier Nogueira Diz, presidente da Federación Galega de Caza, nomea a D. Francisco López Penelas presidente da Federación de Caza en Lugo con coñecemento das incompatibilidades existentes nos estatutos da Federación Galega de Caza e coa Lei 3/2012 do Deporte de Galicia.

Relatados tales feitos como contido e fundamento do escrito dirixido a este Comité, o que se solicita expresa e literalmente é o seguinte:

Para que por esa Secretaría General o por el órgano que corresponda se proceda a reestablecer el orden jurídico deportivo y a depurar los posibles ilícitos disciplinarios que hayan podido suceder las personas eventualmente responsables de los hechos que se denuncian, exigiendo se depuren las responsabilidades que de estos hechos se hayan podido derivar.

É dicir, sobre a base de considerar que é contrario a dereito que polo presidente da Federación Galega de Caza D. Javier Nogueira Diz noméese presidente da Federación de Caza en Lugo a D. Francisco López Penelas por impedilo os arts. 47 e 43 dos estatutos (actuais 44 e 40) solicitánse dúas cousas: A) Que se proceda a restablecer a orde xurídica deportivo. B) Que se depuren os posibles ilícitos disciplinarios derivados de tales feitos.

É incerto, xa que logo, a precisión consignada no escrito de 16 de xuño de 2014 de que se admitiu a trámite o escrito de denuncia esixindo que se depuren responsabilidades como un recurso contra o exercicio dunha función pública delegada, pois tal escrito non contiña unha única petición que este Comité transformase noutra, senón dúas con contido e alcance diferente: A) A petición de que se depuren responsabilidades disciplinarias, que habería de encaixarse no art. 116 h) da Lei 3/2012 como infracción moi grave por incumprimento dos estatutos federativos non foi admitida a trámite pola resolución de 23 de maio de 2014. B) Pero si se admitiu a primeira, isto é, que se proceda a restablecer a orde xurídica deportivo, cuxa estimación ou non é precisamente o obxecto da presente resolución.

E con iso resólvese tamén a segunda precisión das alegacións incluídas no escrito de 16 de xuño de 2014. Tratándose, tal e como se recoñece no escrito, que conforme ao art. 56.4.e) da Lei 3/2012 constitúe unha función pública delegada da Federación Galega de Caza garantir o cumprimento dos dereitos e obrigacións derivadas dos estatutos – neste caso o cumprimento polo presidente da Federación dos actuais arts. 44 e 40 – é irrelevante que o art. 9.6 dos propios estatutos federativos recollana como unha competencia propia. Así o impón o esencial principio de xerarquía normativa imposto





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte
Comité Galego de Xustiza Deportiva

Estadio Multiusos de San Lázaro, nº 4
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfn: 981 957 509 - Fax: 981 542 638
E-mail: secretaria.deporte@xunta.es

galicia

polo art. 9.3 da Constitución e concretado no 1.2 do Código Civil ao dicir que carecerán de validez as disposicións que contradigan outras de rango superior.

SEGUNDO.- Despexadas as anteriores dúbidas sobre a admisión a trámite do escrito de 7 de abril de 2014 presentado por D. José Miguel Pérez Fernández como un recurso contra a decisión do presidente da Federación Galega de Caza D. Javier Nogueira Diz de nomear a D. Francisco López Penelas como presidente da Federación Provincial de Lugo con presunta infracción dos arts. 44 e 40 dos estatutos federativos correspondéndolle ao presidente da Federación, en canto representante legal da mesma (arts. 36 e 37 dos estatutos) garantir o cumprimento dos mesmos en exercicio dunha función delegada (art. 56.4 e) da Lei 3/2012) para cuxa revisión en caso de impugnación é competente o Comité Galego de Xustiza Deportiva (art. 93.1 d) da Lei 3/2012 e art. 3.1 d) do Decreto 120/2013), ha de entrarse no fondo da cuestión suscitada.

No que se refire ao posible incumplimento do art. 40 dos estatutos en tanto que D. Francisco López Penelas estaría exercendo de xeito simultáneo o cargo de presidente da Federación de Caza de Lugo e o de presidente da Sociedade de Cazadores Monte Penamaior, aínda que é certo que da documentación acompañada por D. José Miguel Pérez Fernández ao seu escrito de 7 de abril de 2014 así como da certificación expedida con data 23 de abril de 2014 polo Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia derívanse tales feitos ou circunstancias, non o é menos que como xa se consignaba no escrito de alegacións de data 9 de maio de 2014 subscrito pola Asesora Xurídica da Federación Dª María Teresa González Justo en todo caso, D. Francisco López Penela non estaría incurso en ningunha causa de incompatibilidade pois con data 12 de marzo de 2004 dimitiu do seu cargo de presidente da Sociedade de Caza Monte Penamaior.

Así pois, con tal dimisión no cargo de presidente da Sociedade de Caza Monte Penamaior, que no escrito de 12 de marzo de 2014 D. Francisco López Penela xustifica que é “*debido a ocupaciones personales y además con motivo de mi designación como presidente de la Federación Gallega de Caza en Lugo*” desaparece o feito que fundamentaría a análise de si éralle ou non aplicable o art. 40 dos estatutos. Con todo, debe indicarse que aínda cando no escrito de 9 de maio de 2014 pola Federación se indicaba que se deu traslado de toda a documentación á Secretaría Xeral o 11 de abril de 2014, tal e como se consigna polo presidente da Federación no seu escrito de alegacións de 16 de xuño, por un erro administrativo non se remitiu á Secretaría Xeral para o Deporte a referida dimisión que agora si se aporta.

En definitiva, que cando D. José Miguel Pérez Fernández presenta o escrito de 7 de abril de 2014 en absoluto estaba claro si D. Francisco López Penela continuaba sendo ou non presidente da Sociedade de Caza Monte Penamaior, o que se aclarou con ocasión do presente procedemento sen que, polo tanto, haxa lugar analizar si existe ou non a incompatibilidade denunciada ao desaparecer o feito en que se sustentaría. Con todo, figurando aínda D. Francisco López Penela como presidente da citada sociedade no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia sería oportuno que polo interesado (o no seu caso o propio club) se dera traslado ao mesmo da súa dimisión para os efectos que prexedian.





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte
Comité Galego de Xustiza Deportiva

Estadio Multiusos de San Lázaro, nº 4
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno: 981 957 509 - Fax: 981 542 638
E-mail: secretaria.deporte@xunta.es

galicia

TERCEIRO.- Non é cuestión discutida, pois así é admitido expresamente no informe federativo, que D. Francisco López Penelas leva máis de tres períodos ou mandatos desempeñando o cargo de presidente da Federación de Caza en Lugo. Para D. José Miguel Pérez Fernández con iso se estaría vulnerando o art. 47 dos estatutos (actual art. 44) segundo o cal *non podrá ser elegido presidente da FGC quen ostentara ininterrompidamente tal condición durante tres períodos de mandato inmediatamente anteriores, calquera que fora a duración efectiva destes.*

Fronte a iso no informe de 9 de maio de 2014 subscrito pola Asesora Xurídica da Federación Dª María Teresa González Justo se argumenta que como se deduce dos arts. 7, 8, 9 e 10 dos estatutos da Federación relativos á organización territorial da mesma, así como dos arts. 36 e 37.2.f) referidos ao seu presidente, as federacións provinciais áinda que así denominadas son en realidade meras delegacións territoriais da Federación Galega de Caza, polo que os presidentes provinciais son meros delegados do presidente da Federación no seu ámbito territorial, a quen o presidente da Federación ten a facultade de nomear e cesar tal e como consta no art. 51.3 dos estatutos.

Conclusión diso é que o art. 47 dos estatutos (actual 44) é única e exclusivamente aplicable ao presidente da Federación Galega de Caza e non aos delegados provinciais, que unicamente estarían afectados pola incompatibilidade do art. 49 e en canto membros da xunta directiva da Federación á que pertencen (art. 46), que lles impide desempeñar outro cargo de natureza análoga noutra federación deportiva galega.

E en tales argumentos se incide novamente no escrito de 16 de xuño de 2014 subscrito polo presidente da Federación D. Javier Nogueira Diz, resaltándose que en ningún artigo dos estatutos da Federación Galega de Caza recóllese que a incompatibilidade sinalada no art. 47 dos estatutos (actual 44) poida ser de aplicación aos delegados provinciais dado que o é exclusivamente ao presidente da Federación e non a ningún outro cargo da estrutura federativa. Argumento que é reforzado coa alegación da improcedencia da aplicación analóxica do art. 47 dos estatutos (actual 44) e da incompatibilidade recollida na mesma pois carecería de fundamento dado que as funcións estatutarias atribuídas aos delegados provinciais non son comparables ás funcións e competencias do presidente da Federación Galega de Caza, pois mentres este é un órgano de goberno e representación os delegados provinciais, como membros da xunta directiva, non son máis que un mero órgano complementario (arts. 13 e 46 dos actuais estatutos).

Vistas as argumentacións sustentadas, é evidente que o que se suscita é un complexo problema xurídico de interpretación dos estatutos da Federación Galega de Caza en que necesariamente ha de determinarse a natureza das federacións provinciais e con ela a dos seus presidentes, pois si realmente se configuran como meras delegacións territoriais da Federación Galega de Caza e os seus presidentes meros delegados do presidente da Federación que son designados e cesados libremente polo mesmo, necesariamente habería que concluír a inaplicabilidade do art. 47 dos estatutos (actual 44) pois o mesmo sinala unha causa de inelegibilidade, isto é, non poder ser elixido



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte
Comité Galego de Xustiza Deportiva

Estadio Multiusos de San Lázaro, nº 4
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tíño: 981 957 509 - Fax: 981 542 638
E-mail: secretaria.deporte@xunta.es

g^{alicia}

dentro dun proceso electoral a un cargo electivo (neste caso á presidencia por parte da assemblea federativa), ámbito que nada ten que ver coa designación directa por quien estatutariamente ten as facultades para iso.

Pola contra, si as federacións provinciais non son meras delegacións territoriais nin os presidentes provinciais son meros delegados do presidente da Federación Galega de Caza libremente designados e removidos polo mesmo, haberá que determinar si aos mesmos é de aplicación o actual art. 44 dos estatutos trala interpretación do mesmo conforme aos criterios hermenéuticos da interpretación xurídica.

CUARTO.- Aínda cando os estatutos da Federación Galega de Caza non aparecen redactados coa suficiente claridade, este Comité considera que unha lectura sistemática dos mesmos, apoiada pola propia interpretación que deles veu facendo a misma Federación, permite alcanzar a conclusión de que a estrutura e organización da Federación Galega de Caza non responde ao modelo, si frecuente noutras federacións deportivas galegas, de existencia de meras delegacións territoriais, normalmente coa provincia como base, á fronte da cal atópase un delegado territorial libremente designado e removido polo presidente da Federación.

É certo que algunha das normas estatutarias permitiría sustentar esa natureza de meros delegados. Así, o art. 10 actual ao dicir que “*os presidentes provinciais exercerán as mesmas función establecidas para o presidente da FGC, no su ámbito correspondente, actuando por delegación deste*”. Igualmente o art. 46 actual ao sinalar a composición da xunta directiva contén unha referencia expresa a “*os catro delegados provinciais*”.

Pero fronte a iso apréciase que conforme ao art. 7 dos actuais estatutos a Federación Galega de Caza se estrutura a través de catro federacións provinciais (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra), integradas cada unha delas polas entidades deportivas, xuíces e árbitros e outros colectivos que correspondan ao seu ámbito territorial provincial, federacións provinciais que replicando a estrutura da Federación Galega de Caza ten a súa propia assemblea (arts. 9 e 11 dos estatutos) que é a que elixe ao presidente da federación provincial que á súa vez poderá designar á súa propia xunta directiva (art. 11 dos estatutos), de maneira que ainda que o presidente da Federación Galega de Caza é quien nomea e separa aos presidentes provinciais non pode facelo libremente senón que, como establece o art. 9 dos estatutos soamente pode facelo por proposta da assemblea provincial, pasando entón a formar parte automaticamente da xunta directiva da Federación Galega de Caza (art. 46 dos estatutos) sen que lle sexa de aplicación a regra xeral do art. 45 dos estatutos de que os seus membros son designados e separados libremente polo presidente da Federación.

O nomeamento do presidente provincial polo presidente da Federación Galega de Caza é, pois, esencialmente formal, e máis que unha ratificación do mesmo (ou ratificación da xunta directiva da federación provincial) ha de considerarse un control de legalidade, pois o presidente da Federación Galega de Caza non pode nomear presidente dunha federación provincial a quen legalmente non reúna os requisitos para iso aínda que así



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

Comité Galego de Xustiza Deportiva

Estadio Multiusos de San Lázaro, nº 4
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno: 981 957 509 - Fax: 981 542 638
E-mail: secretaria.deporte@xunta.es

galicia

sexto proposto pola asemblea provincial. Pero tampouco pode negarse a nomear a quien reunindo os requisitos legais foi debidamente proposto pola asemblea provincial.

Conclusión do exposto é que D. Francisco López Penelas non é tecnicamente e conforme aos estatutos un delegado territorial do presidente da Federación Galega de Caza libremente nomeado polo mesmo nin a súa designación como presidente da Federación Provincial de Caza de Lugo está sometida única e exclusivamente á limitación do art. 49 dos actuais estatutos na súa condición de membro da Xunta Directiva. Tal e como en definitiva se describe na alegación segunda do escrito de 16 de xuño de 2014, é presidente provincial nomeado polo presidente da Federación Galega de Caza porque, conforme ao art. 9 dos estatutos actuais, foi proposto como tal pola asemblea provincial da Federación provincial de Caza de Lugo. E a cuestión é si tal proposta axústase ou non a dereito.

QUINTO.- A resposta a tal cuestión xira en torno a si resulta aplicable ou non a D. Francisco López Penelas o art. 47 dos estatutos (actual art. 44). A dicción literal do mesmo, dado que se refire exclusivamente ao presidente da Federación Galega de Caza parece abocar a unha resposta negativa. Con todo, o sentido literal das palabras non é o único elemento a ter en conta na interpretación dunha norma pois, e así o prevé expresamente o art. 3.1 do Código Civil, entre outros, tamén haberá de atenderse ao contexto e ao seu espírito e finalidade, todo iso complementado co concepto de interpretación extensiva, isto é, a aplicación dunha norma a supostos que non están directamente contemplados na súa letra pero si no seu espírito, e o da analogía a que se refire o art. 4.1 do Código Civil, que permite a aplicación dunha norma a supostos non contemplados na súa letra ou no seu espírito pero cos que existe identidade de razón.

Pois ben, tal e como se dixo anteriormente, se aprecia que a Federación Galega de Caza ten unha estrutura particular en relación con outras federacións deportivas galegas, que se concreta no modelo de federacións provinciais regulado nos arts. 7 e sigs. dos estatutos que replican os órganos de xestión e de goberno da propia Federación Galega de Caza, isto é, asemblea, xunta directiva e presidente. E sobre a forma de alcanzar a designación como presidente, é dicir, como D. Francisco López Penelas resulta ser o presidente da Federación Provincial de Caza de Lugo superando os tres mandatos consecutivos a explícita o presidente da Federación D. Javier Nogueira Diz no apartado segundo do seu escrito de alegacións de 16 de xuño de 2014:

Sinalan os arts. 9, 37.2f) e 51 dos estatutos que o presidente da FGC cesará e nomeará aos presidentes provinciais á proposta da asemblea. Pois ben, é preciso matizar que ainda si ben en un principio o espírito dos estatutos era que efectivamente a asemblea provincial propuxese ao candidato para que o presidente o nomeara, o certo é que tradicionalmente o que se ven facendo – ainda que os estatutos nada din nin regulan a este respecto – é un proceso electoral en cada provincia, similar ao que se leva a cabo para a elección do presidente da FGC. Este modo de proceder interno foi adoptado en aras dun funcionamento máis participativo e democrático da FGC, de cuxas asembleas provinciais forman parte todas as sociedades de cazadores federadas da provincia.





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte
Comité Galego de Xustiza Deportiva

Estadio Multiusos de San Lázaro, nº 4
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tíno: 981 957 509 - Fax: 981 542 638
E-mail: secretaria.deporte@xunta.es

galicia

Deste xeito, e no caso que nos ocupa, nomeouse – tal e como tradicionalmente se ven facendo dende os mesmos inicios da FGC – como presidente provincial ao candidato que foi elixido pola asemblea provincial de Lugo, don Francisco López Penela.

É dicir, que os presidentes provinciais son elixidos polas asembleas provinciais tras un proceso electoral similar ao seguido para a elección de presidente da Federación Galega de Caza, elección que ten o seu fundamento, a pesar do silencio dos estatutos neste extremo, no uso ou costume que se vén seguindo desde os mesmos inicios da Federación Galega de Caza, uso ou costume que ha de cualificarse sen dubidar como unha fonte de dereito nos termos configurados no art. 1.3 do Código Civil, perfectamente válida e eficaz ao tratarse dun uso ou costume *extra legem* propio dunha entidade privada (art. 51 Lei 3/2012) en tanto non é contrario aos estatutos ni a outra norma de rango superior como é a propia Lei 3/2012 ou a Orde do 8 de setembro de 2010 pola que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, e, polo tanto, con carácter vinculante mentres non sexa modificado por unha norma de rango superior. E iso necesariamente supón, aínda que os estatutos non o estableza de maneira expresa, que en tal proceso electoral son de aplicación as previsións estatutarias en relación coa elección e remoción do presidente da Federación Galega de Caza, isto é, especificamente, os arts. 40 e sigs. e particularmente o art. 44 que, polo tanto, supón que non poderá ser elixido presidente dunha federación provincial quen ostentase ininterrompidamente tal condición durante tres períodos de mandado inmediatamente anteriores, calquera que fose a duración efectiva dos mesmos.

En conclusión, non sendo controvertido que D. Francisco López Penela excede como presidente da Federación Provincial de Caza de Lugo os tres períodos de mandato, a súa elección como presidente pola asemblea provincial supón unha infracción do art. 44 dos estatutos, polo que aínda sendo proposto para tal cargo pola mesma, o presidente da Federación Galega de Caza, en cumprimento do deber de control de legalidade que se deriva do art. 37.2.f) dos estatutos non debeu nomearlle presidente da Federación Provincial de Lugo polo que neste aspecto o recurso ha de ser estimado, declarando a nulidade de tal nomeamento.

Polo exposto,

O PLENO DO COMITE RESOLVE: estimar o recurso interposto por D. José Miguel Pérez Fernández contra a decisión do presidente da Federación Galega de Caza D. Javier Nogueira Diz de designar a D. Francisco López Penela presidente provincial da Federación Provincial de Caza en Lugo, declarando a nulidade de tal nomeamento, por estar incurso o mesmo na causa de inelixibilidade do art. 44 dos estatutos da Federación

Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao da notificación da mesma ou ben interpoñer directamente Recurso Contencioso Administrativo perante o Tribunal

DE ASISTENCIAS
800 200 073 300
1214 · 2014



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte
Comité Galego de Xustiza Deportiva

Estadio Multiusos de San Lázaro, nº 4
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno: 981 957 509 - Fax: 981 542 638
E-mail: secretaria.deporte@xunta.es

galicia

Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e no artigo 94 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia.

Dª Rebeca Arijón Gontad, Secretaria do Comité Galego de Xustiza Deportiva:

CERTIFICA:

Que no pleno do devandito Comité, en sesión celebrada o día 21 de xullo de 2014 na cidade de Santiago de Compostela, se acordou a referida resolución, o que lle notifíco a Vd. na súa condición de parte interesada para o seu debido cumprimento.

Santiago de Compostela, a 21 de xullo de 2014.

